

AGORA SI, ANTES NON

[Hong Sang-soo, 2015]

124

ESTREA EN NUMAX: 17.06.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Right Now, Wrong Then (Ji-geum-eun-mat-go-geu-ddae-neun-teul-li-da) (2015, 121')

Dirección: Hong Sang-soo

Guión: Hong Sang-soo

Reparto: Jeong Jae-yeong, Kim Min-hee, Yoon Yeo-jeong, Gi Ju-bong, Choi Hwa-Jeong, Yoo Joon-sang, Seo Young-hwa, Ko Ah-sung

Montaxe: Hahm Sungwon

Son: Song Yeajin

Música: Yongjin Jeong

Fotografía: Park Hongyeol

Produtora: Jeonwonsa Film Co. (Corea do Sur)

Distribuidora: Good Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

PREMIOS

Locarno 2015 (Leopardo de Ouro, mellor actor —Jae-yeong Jeong—, premio do xurado ecuménico), Xixón 2015 (Mellor filme, mellor actor —Jae-yeong Jeong—), Asia Pacific Screen Awards 2015 (Mellor interpretación masculina —Jae-yeong Jeong—)

FILMOGRAFÍA

Hill of Freedom, 2014

En otro país, 2012

Noche y día, 2008

Mujer en la playa, 2006

Un cuento de cine, 2005

La mujer es el futuro del hombre, 2004

La puerta del retorno, 2002

SINOPSE

Un director de cinema independente sae a cear e atópase cunha pintora. Os dous comezan a falar tras este encontro fortuíto, pero as cousas empezan a cambiar cando ela fai unha pregunta difícil de responder. A partir dese instante, nada ha ser igual.

«Extraordinario. Un filme que fai parecer fácil o difícil, luminoso e do que se extrae unha gran sabiduría»

Pablo González Taboada, CINEMANÍA



AGORA SI, ANTES NON

[Hong Sang-soo, 2015]

“Abúrreme traballar coas intencións demasiado claras”

Entrevista con Hong Sang-soo

Por Christopher Small e Daniel Kasman

Por que cres que volves sempre ao mesmo tipo de personaxes? Aquí temos de novo o director, o estudante de cinema, o crítico... É o máis práctico [risas]. Non é moi importante que sexan directores. Tampouco teño necesidade de me achegar a diferentes profesións, diferentes tipos de personaxe. O que importa é o que faga en cada filme con estes elementos simples. O meu carácter pídeme traballar coas cousas que xa coñezo e a partir de aí buscar elementos novos. O cineasta é un deses elementos simples e importantes que coñezo ben. Non me interesa facer filmes sobre un piloto de avións [risas], se tentase describilo seguramente rematase sendo moi estereotipado.

Este filme, como moitos dos que ten realizado, remata cunha caste de lección: a conduta do director mellora na segunda historia do filme, é máis honesto e os resultados para el son mellores. Comezaches a traballar con esa idea central? Cal foi o punto de partida de *Agora si, antes non*? Non, ao comezo non tiña idea ningunha. Ultimamente comezo os filmes sen case nada. Traballo habitualmente cos espazos e os actores, non con personaxes. Encóntrome con actores sen case ningunha intención, chámoo e se a eles lles apetece temos un encontro. Non me interesa o que tiveran feito noutros filmes, ás veces mesmo non os teño visto en filmes anteriores. Non me importa pois véxoo só en tanto persoas. Cando atopas a alguén sempre tes algún sentimento ou impresión. Esa pequena impresión adoita ser o comezo, pois sempre me leva a pensar en algo máis, lémbreme a alguén do pasado, algunha situación ou dilema. Unha cousa pequena adoita ser o comezo e logo busco os lugares. Sen intención algunha de novo, camiño polos barrios que me apetece e tento chegar a algún trato coa xente que os habita. O dono dun bar ou

dunha tenda. Vou e dígolles: «Son Hong Sang-soo e probablemente comece a gravar axiña. O meu xeito de traballar é estraño, non sei o que farei pero pode que veña por aquí dúas ou tres veces. Informareille do día de gravación o antes que poida». Nese momento, se teño os lugares e os actores, vou a un motel ou un hotel e fico alí dous ou tres días tentar pensar nalgunha estrutura, no que quero facer, non se trata de algo para nada definitivo, senón apenas un pretexto para comezar a gravar. Ás veces comezo sen nada. Gravo algo e miro o que se conseguiu ao remate do día para tentar enxergar o filme completo. Se non me vén a idea sigo a gravar, continuamente. Habitualmente aos tres días de gravación teño a estrutura, o filme completo. E logo ás veces sigo esa idea e cara á metade da gravación sei exactamente o que quero.

Traballas do mesmo xeito cos actores e as localizacións, decidindo o emprazamento da cámara no propio día? O texto que din os actores está sempre escrito. Cada mañá doules todo o texto dese día. Antes de gravar tento observar todo o que podo. Non me gusta traballar coas intencións demasiado claras, porque coido que se o fixera tan só repetiría o que xa teño visto e ouvido no pasado. Iso non sería novo, non sería interesante. Daquela o que tento facer é observar e responder ao que me chega, que soe ser máis interesante que as miñas intencións iniciais. Abúrreme traballar coas intencións demasiado claras.

Necesito algo novo e inesperado que aconteza cada día, iso faime sentir vivo e querer comezar a traballar.

Como é o proceso de edición, canto che leva? Moi pouco. Realmente só un día. Non corto moito! [risas] Filmo moi poucas escenas e habitualmente sei axiña o que quero. Normalmente en 3 ou 4 horas podo ter xa o filme completo. Logo preciso un respiro, para poder velo con maior obxectividade, e volvo ao filme unha semana despois. Nese momento ensinollo aos meus amigos para ter outras impresión. Cada un ten diferentes sentimentos cara ao filme. Logo tento ensamblar todo isto.

Publicado en <https://mubi.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Cofre Hong Sang-soo. Hong Sang-Soo.
Intermedio [DVD]

En otro país. Hong Sang-soo.
Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME